



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar mais
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os mais docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

| | | | |
|--|---|----------------------|------------|
| Materia | TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 1º ESO | Departamento | TECNOLOXÍA |
| Docente | Ana M ^a López Cela, Marta Blanco Rodríguez, Cristina Rey Rodríguez | | |
| Curso/Grupo | 1º ESO | Ano académico | 2023/24 |
| Contidos | | | |
| 1º Trimestre | Unidade didáctica1: A Tecnoloxía. Unidade didáctica2: Deseño e fabricación. Unidade didáctica3: Materiais e ferramentas de uso técnico. Unidade didáctica4: Utilización das TIC no proceso tecnolóxico. Unidade didáctica6: Documentación de proxectos. | | |
| 2º Trimestre | Unidade didáctica2: Deseño e fabricación. Unidade didáctica4: Utilización das TIC no proceso tecnolóxico. Unidade didáctica5: Proxecto de estruturas. Unidade didáctica6: Documentación de proxectos. Unidade didáctica7: Introducción aos mecanimos. | | |
| 3º Trimestre | Unidade didáctica8: Introducción á electricidade. Unidade didáctica9: Programación. Unidade didáctica10: Sistemas de control e robots. | | |
| Obxectivos | | | |
| (Breve explicación dos obxectivos da materia) | | | |
| <p>OBX1: Buscar e seleccionar a información adecuada proveniente de diversas fontes, de maneira crítica e segura, aplicando procesos de investigación, métodos de análise de produtos e experimentando con ferramentas de simulación, para definir problemas tecnolóxicos e iniciar procesos de creación de solucións a partir da información obtida.</p> <p>OBX2: Abordar problemas tecnolóxicos con autonomía e actitude creativa, aplicando coñecementos interdisciplinarios e traballando de forma cooperativa e colaborativa, para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz, innovadora e sostible.</p> <p>OBX3: Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando operadores, sistemas tecnolóxicos e ferramentas, tendo en conta a planificación e o deseño previo para construír ou fabricar solucións tecnolóxicas e sostibles que dean resposta a necesidades en diferentes contextos.</p> <p>OBX4: Describir, representar e intercambiar ideas ou solucións a problemas tecnolóxicos ou dixitais, utilizando medios de representación, simboloxía e vocabulario axeitados, así como os instrumentos e os recursos dispoñibles, e valorando a utilidade das ferramentas dixitais para comunicar e difundir información e propostas.</p> <p>OBX5: Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas,</p> | | | |

aplicando os principios do pensamento computacional e incorporando as tecnoloxías emerxentes, para crear solucións a problemas concretos, automatizar procesos e aplicalos en sistemas de control ou en robótica.

OBX6: Comprender os fundamentos do funcionamento dos dispositivos e aplicacións habituais da súa contorna dixital de aprendizaxe, analizando os seus compoñentes e funcións e axustándoos ás súas necesidades para facer un uso máis eficiente e seguro destes e para detectar e resolver problemas técnicos sinxelos.

OBX7: Facer un uso responsable e ético da tecnoloxía, mostrando interese por un desenvolvemento sostible, identificando as súas repercusións e valorando a contribución das tecnoloxías emerxentes para identificar as achegas e o impacto do desenvolvemento tecnolóxico a sociedade e na contorna.

Metodoloxía

(proceso ou procesos de traballo na aula)

A materia debe enfrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. O eixe vertebrador será a realización de proxectos tecnolóxicos e a integración do emprego das TIC ao longo de todo o curso, con metodoloxías que fomenten a resolución de problemas mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e prototipos eléctricos, mecánicos, etc.

Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral).

Haberá unha ou dúas probas escritas ou no ordenador por avaliación cun peso do 70% da

cualificación. No caso de que nunha avaliación ou varias avaliacións se desenvolva un proxecto tecnolóxico o traballo realizado, e os documentos asociados a el, terán o mesmo peso ca unha proba escrita.

Un 20% procederá de produtos ou materiais elaborados na aula ou no taller de tecnoloxía, empregando caderno, material en fotocopias ou ferramentas dixitais que permitan realizar un traballo colaborativo ou ben de xeito individual.

O 10% restante corresponderá á observación diaria. Aspectos que se van a valorar dentro da observación: asistencia diaria a clase, puntualidade na entrada e saída, hábito de traballo continuado, participación activa nas clases, interese demostrado en cada tema.

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación.

2. Proceso de recuperación de avaliacións pendentes

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

De cada avaliación haberá unha proba de recuperación. A realización da proba de recuperación será obrigatoria para o alumnado que obteña unha cualificación inferior a 5, o resto do alumnado poderá realizala de xeito voluntario. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.

3. Determinación da cualificación final

Media ponderada das cualificacións das tres avaliacións.

Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

Nas dúas últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

A recuperación realizarase de xeito individual para os criterios non superados. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar mais
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os mais docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

| | | | | |
|--|--|----------------------|---------------------|------------|
| Materia | TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN | | Departamento | TECNOLOXÍA |
| Docente | Marta Blanco Rodríguez e Covadonga Yugueros Valbuena | | | |
| Curso/Grupo | 2º ESO | Ano académico | 2023/24 | |
| Contidos | | | | |
| 1º Trimestre | UD1: A tecnoloxía UD2: Presentación, deseño e documentación de proxectos. UD3: Materiais de uso técnico e Técnicas de uso. UD4: Utilización das TIC no proceso tecnolóxico. | | | |
| 2º Trimestre | UD4: Utilización das TIC no proceso tecnolóxico UD5: Maquinas e mecanismos. UD6: Programación. | | | |
| 3º Trimestre | UD4: Utilización das TIC no proceso tecnolóxico UD 7: A electricidade UD 8: Sistemas de control e robots. | | | |
| Obxectivo | | | | |
| <i>(Breve explicación dos obxectivos da materia)</i> | | | | |
| OBX1 - Buscar e seleccionar a información adecuada proveniente de diversas fontes, de maneira crítica e segura, aplicando procesos de investigación, métodos de análise de produtos e experimentando con ferramentas de simulación, para definir problemas tecnolóxicos e iniciar procesos de creación de solucións a partir da información obtida. | | | | |
| OBX2 - Abordar problemas tecnolóxicos con autonomía e actitude creativa, aplicando coñecementos interdisciplinarios e traballando de forma cooperativa e colaborativa, para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz, innovadora e sostible.. | | | | |
| OBX3 - Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando operadores, sistemas tecnolóxicos e ferramentas, tendo en conta a planificación e o deseño previo para construír ou fabricar solucións tecnolóxicas e sostibles que dean resposta a necesidades en diferentes contextos.. | | | | |
| OBX4 - Describir, representar e intercambiar ideas ou solucións a problemas tecnolóxicos ou dixitais, utilizando medios de representación, simboloxía e vocabulario axeitados, así como os instrumentos e os recursos dispoñibles, e valorando a utilidade das ferramentas dixitais para comunicar e difundir información e propostas. | | | | |

OBX5. Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional e incorporando as tecnoloxías emerxentes, para crear solucións a problemas concretos, automatizar procesos e aplicalos en sistemas de control ou en robótica.

OBX6Comprender os fundamentos do funcionamento dos dispositivos e aplicacións habituais da súa contorna dixital de aprendizaxe, analizando os seus compoñentes e funcións e axustándoos ás súas necesidades para facer un uso máis eficiente e seguro destes e para detectar e resolver problemas técnicos sinxelos.

OBX7 - Facer un uso responsable e ético da tecnoloxía, mostrando interese por un desenvolvemento sostible, identificando as súas repercusións e valorando a contribución das tecnoloxías emerxentes para identificar as achegas e o impacto do desenvolvemento tecnolóxico na sociedade e na contorna.

Metodoloxía

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral)

Haberá unha ou dúas probas escritas ou ben no ordenador por avaliación que ponderarán entre 50% - 70% da cualificación, dependendo da realización ou non do proxecto tecnolóxico.

A porcentaxe restante (do 50 ao 30%) procederá de produtos ou materiais elaborados na aula de informática, na aula de Tecnoloxía ou empregando ferramentas dixitais que permitan realizar un traballo colaborativo ou ben de xeito individual.

Un comportamento non axeitado ou non observar as regras de obrigado cumprimento imprescindibles para desenvolver o traballo diario pode supoñer a perda de un punto na nota de avaliación.

O caderno de clase, material producido polo alumnado ou produtos en xeral que xurdan como consecuencia do traballo na aula, deben estar sempre completos e ordeados. Non telos así pode supoñer a perda de ata un punto na nota de avaliación.

2. Proceso de recuperación de avaliacións pendentes

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

De cada avaliación haberá unha proba de recuperación. A realización da proba de recuperación será obrigatoria para o alumnado que obteña unha cualificación inferior a 5, o resto do alumnado poderá realizala de xeito voluntario. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.

3. Determinación da cualificación final ó remate da 3ª avaliación (ESO e BAC)

Para determinar a cualificación ordinaria de xuño considerarase a media das tres avaliacións parciais. Para aprobar a materia a media debe ser como mínimo de 5. De ser o caso considerarase un redondeo, de maneira que o decimal asimilarse ó enteiro superior se o seu valor é de 0.5 ou superior e ó anterior nos restantes casos. Exemplo: nota = 7.7 e nota redondeada = 8; nota=3.2 e nota redondeada = 3.

Proceso de avaliación Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

De cada avaliación haberá unha proba de recuperación. A realización da proba de recuperación será obrigatoria para o alumnado que obteña unha cualificación inferior a 5, o resto do alumnado poderá realizala de xeito voluntario. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.

Nas dúas últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento. A recuperación realizarase de xeito individual para os criterios non superados. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar mais
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os mais docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

| | | | |
|---|---|----------------------|------------|
| Materia | EDUCACIÓN DIXITAL | Departamento | TECNOLOXÍA |
| Docente | Rocío Varela Vázquez e Marta Blanco Rodríguez | | |
| Curso/Grupo | 3º ESO | Ano académico | 2023/24 |
| Contidos | | | |
| 1º Trimestre | UNIDADE DIDÁCTICA: Creación e edición de documentos de texto. UNIDADE DIDÁCTICA: Creación e edición de presentacións dixitais. UNIDADE DIDÁCTICA: Arquitectura do ordenador e sistemas operativos. | | |
| 2º Trimestre | UNIDADE DIDÁCTICA: Creación e edición de de follas de cálculo. UNIDADE DIDÁCTICA: Creación e edición de imaxe dixital. UNIDADE DIDÁCTICA: Creación e publicación de contidos na rede. UNIDADE DIDÁCTICA: Creación e edición de presentacións dixitais. | | |
| 3º Trimestre | UNIDADE DIDÁCTICA: Ética e seguridade dixital. UNIDADE DIDÁCTICA: Pensamento computacional: programación. UNIDADE DIDÁCTICA: Creación e edición de presentacións dixitais. | | |
| Obxectivo | | | |
| (Breve explicación dos obxectivos da materia) OBX1: Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz. OBX2: Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual colectiva utilizando as ferramentas máis adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas. OBX3: Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa. OBX4: Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas ara identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a | | | |

comunicación dixital.

Metodoloxía

(proceso ou procesos de traballo na aula)

A materia debe enfrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. Utilizarase unha metodoloxía activa con traballos prácticos, para coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián, que permitan mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir documentos dixitais de diversos tipos e sempre respectando as licenzas e dereitos de autor.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos dixitais con metodoloxías que fomenten a resolución colaborativa e creativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, promovendo a participación do alumnado cunha visión integral da disciplina.

Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

O desenvolvemento de proxectos que teñan por obxectivo a creación de aplicacións sinxelas que resolvan problemas, afondarán no coñecemento do pensamento computacional.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais, promovera a liberdade de expresión o respecto polos demais e aplicando as normas da etiqueta dixital.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

MATERIAIS:

Ordenador persoal - dispositivos dixitais

Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que

non sexa posible, utilizarase software libre.

Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.

Aula virtual do centro ou do plan Edixgal.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral).

A avaliación da materia realizarase por trimestre e a nota de cada un deles debe ser igual ou superior a cinco para acadar o aprobado na cualificación final.

Por trimestres, o procedemento será o seguinte:

- Un 80% da nota de cada avaliación corresponde ás actividades ou tarefas elaboradas diariamente na aula e ás probas escritas e/ou prácticas. Á súa vez, o reparto será da seguinte maneira:

- A Un 70% da nota obterase mediante o cálculo da media aritmética da proba ou probas teóricas ou prácticas realizadas no trimestre
- B O 30% restante obterase mediante o cálculo da media aritmética das cualificacións obtidas nas actividades e/ou tarefas realizadas.

A non presentación ou entrega das actividades e/ou tarefas elaboradas diariamente nas sesións en tempo e forma, pode conlevar directamente ao suspenso na materia. De igual modo o emprego inaxeitado dos equipos informáticos ou a mala manipulación dos mesmos suporá ao alumnado unha anotación negativa; a acumulación de 3 anotacións negativas suporá, igualmente, o suspenso na materia.

- Un 20% da nota de cada avaliación corresponde á observación diaria na aula (puntualidade a entrada e a saída, asistencia a clase, hábito de traballo continuado, a participación na clase, as aportacións enriquecedoras para a materia, o interese demostrado e o comportamento xeral).

A actitude e o comportamento deben ser acordes ao que corresponde por parte do alumnado. Polo tanto, no caso de ser incorrectos, a nota final de cada avaliación pode verse reducida ata nun 20% (2 puntos sobre 10). Isto quere dicir que cada vez que se un alumno/a manifesta condutas disruptivas e/ou falta dos materiais precisos para cada sesión, poderá reducirse a nota final desa avaliación ata un máximo de 2 puntos, xustificando sempre os motivos.

Unha vez realizados os porcentaxes descritos anteriormente e no caso de obter unha cualificación decimal, o método que se empregará é a aproximación por redondeo, tendo en conta que, se a primeira cifra decimal é igual ou superior a 5, ésta aproximarase ao número enteiro inmediatamente superior. Pola contra, se a primeira cifra decimal obtida é inferior a 5, aproximarase ao número enteiro inmediatamente inferior.

2. Proceso de recuperación de avaliacións pendentes

O alumnado que non supere algunha avaliación parcial será convocado a unha nova proba que versará sobre os contidos da avaliación non superada. Ademáis, o profesorado concretará aquelas probas e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos. Neste caso, será preciso que o alumnado supere tanto a proba escrita como as tarefas para poder dar a avaliación por recuperada.

A calificación obtida na recuperación da avaliación non superada, será a que corresponda á avaliación afectada, pasando a ser esta a que se teña en conta para o cálculo da media final da materia.

Se pese a todo, non supera a materia ao non ser a nota superior a cinco, realizarase unha proba final durante a última semana do curso, cos contidos traballados durante as tres avaliacións. A esta proba tamén poderá presentarse o alumnado que desexe subir nota nalgunha das avaliacións ou na totalidade da materia.

A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

3. Determinación da cualificación final

A cualificación final do curso virá dada pola media aritmética das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso antes de realizar a aproximación por redondeo.

Para obter unha avaliación final positiva, as tres avaliacións parciais deberán ter unha calificación igual ou superior a 5, ben sexa na avaliación ordinaria ou nas recuperacións posteriores que se irán facendo ao longo do curso tal e como se recolle no apartado 2.

Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica.

No caso de que a nota dalgunha das partes sexa inferior a 3 o alumno/a deberá recuperar esa parte e a recuperación da mesma terá lugar ao longo da seguinte avaliación ou a finais de maio no caso do terceiro trimestre mediante a realización de actividades ou tarefas de recuperación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica

Nas 3 últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas obxectivas de recuperación no ordenador daquelas unidades didácticas que non superase no

seu momento.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

Unha proba escrita ou ben nos ordenadores ou a través da AV ou EDIXGAL e opcionalmente, ademais, presentación dalgún traballo realizado empregando ferramentas dixitais que os alumnos e alumnas deberán entregar o mesmo día da proba extraordinaria. De non poderse facer de forma presencial dita proba realizarase telemáticamente.

Puntuación: De 1 a 10 según o grao observado de consecución dos obxetivos. Procederase para os redondeos do mesmo xeito que na avaliación ordinaria.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

| |
|--|
| |
|--|

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar mais
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os mais docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

| | | | |
|---|---|----------------------|------------|
| Materia | INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A SOCIEDADE | Departamento | TECNOLOXÍA |
| Docente | Ana M ^a López Cela, Marta Blanco Rodríguez | | |
| Curso/Grupo | 4º ESO | Ano académico | 2023/24 |
| Contidos | | | |
| 1º Trimestre | UD1: Que é a Intelixencia Artificial (IA)? UD2: O impacto da IA. UD3: Fundamentos da IA: percepción, actuación e representación. | | |
| 2º Trimestre | UD3: Fundamentos da IA: percepción, actuación e representación. UD4: Fundamentos da IA: razoamento e aprendizaxe automática. | | |
| 3º Trimestre | UD5: Tecnoloxías transversais na IA. | | |
| Obxectivos | | | |
| (Breve explicación dos obxectivos da materia) | | | |
| <p>OBX1: Coñecer as áreas que constitúen as bases da intelixencia artificial, comprendendo o concepto de axente intelixente, identificando as áreas básicas nel, así como as tecnoloxías que lles dan soporte, favorecendo un emprego seguro, responsable e consciente das ferramentas dixitais, avaliando ao mesmo tempo a súa potencialidade e operatividade.</p> <p>OBX2: Comprender as repercusións éticas na sociedade e no medio ambiente do emprego cotián da intelixencia artificial, reflexionando sobre as ameazas que supoñen e tamén sobre as oportunidades que xeneran as novas tecnoloxías, facendo uso dos coñecementos e das habilidades dixitais e aplicando o pensamento crítico no proceso de aprendizaxe.</p> <p>OBX3: Manexar e representar conxuntos de datos de forma lóxica e razoada analizando criticamente os resultados obtidos polos modelos e algoritmos, e realizando unha reflexión continua sobre a pegada humana, os nesgos e o control dos sistemas intelixentes.</p> <p>OBX4: Aplicar ferramentas dixitais das tecnoloxías intelixentes que son transversais a diferentes campos de aplicación da intelixencia artificial na sociedade, resolvendo de xeito automático problemas concretos do mundo real que implican todas as áreas básicas da intelixencia artificial, comprendendo o proceso de pensamento computacional aplicado e as limitacións das solucións acadadas.</p> | | | |
| Metodoloxía | | | |
| (proceso ou procesos de traballo na aula) | | | |
| Nesta materia adoptarase unha metodoloxía proactiva que permitirá ao alumnado iniciarse de maneira dinámica e experimental no mundo da IA a través dunha combinación | | | |

de teoría, exercicios prácticos e proxectos aplicados.

O enfoque metodolóxico é eminentemente práctico e orientado ao desenvolvemento de situacións de aprendizaxe que faciliten a comprensión dos rudimentos da IA e a adquisición de competencias a través da resolución de retos e supostos prácticos. Para lograr isto, pódese empregar un amplo abano de estratexias pedagóxicas, tales como estudos de caso, debates, investigacións guiadas e proxectos colaborativos. Estes métodos permitirán aos estudantes explorar diferentes aplicacións da IA e analizar casos reais nos que a tecnoloxía foi implementada con éxito.

Outro aspecto importante na metodoloxía proposta é a reflexión crítica sobre o impacto da IA na sociedade. Analizaranse os desafíos éticos, sociais e legais asociados con estas tecnoloxías, e fomentárase a discusión informada sobre como abordalos de maneira responsable. Anímase ao alumnado a considerar o impacto da IA a través de debates e análises de casos, promovendo unha comprensión crítica dos aspectos éticos e sociais da IA.

Fomentárase a creatividade e a orixinalidade nos proxectos aplicados, así como a capacidade de comunicar os resultados de maneira clara e efectiva.

Finalmente, promoverase a colaboración e o traballo en equipo como parte integral da metodoloxía. O alumnado terá a oportunidade de participar en proxectos grupais, onde poderá combinar as súas habilidades e coñecementos para resolver problemas e aplicar a IA de maneira innovadora. Isto non só fomentará a colaboración, senón tamén o intercambio de ideas e a aprendizaxe conxunta.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral).

Calcularanse como a media ponderada das cualificacións obtidas polo alumnado en cada unidade didáctica. Avaliaranse traballos de aula e probas escritas. Poderán considerarse probas escritas aquelas realizadas con aplicacións utilizadas para traballar a materia.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, a aproximación realizarase por redondeo da seguinte forma: Ao enteiro inmediatamente superior no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5. Ao enteiro inmediatamente inferior no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou inferior a 4.

Entenderase superada a avaliación cando a nota final obtida polo alumnado sexa igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Será requisito imprescindible para poder aplicarlos, que o alumnado obteña unha calificación igual ou superior a 3 en todas as actividades prácticas e teóricas propostas. No caso de non obter dita cualificación, a avaliación considerarase non superada.

2. Proceso de recuperación de avaliacións pendentes

O alumnado que non supere algunha avaliación terá que realizar unha proba deseñada en función dos contidos non superados ao longo da avaliación seguinte.

No caso de non teren realizado a entrega das tarefas que lles pidan ao longo de cada avaliación, terán que realizar unha proba de recuperación con carácter obrigatorio.

A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas coas probas de recuperación e seguindo o procedemento establecido.

3. Determinación da cualificación final

Calcularase como a media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais antes de aplicar o redondeo. Como o resultado pode ser un número con cifras decimais, aplicarase o mesmo criterio que en cada avaliación parcial para os redondeos.

Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

O alumnado que non acade unha cualificación final de 5 ou máis de 5 na avaliación final do curso, terá que realizar unha proba obxectiva final, que inclúa só os contidos non superados.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar mais
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os mais docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

| | | | | |
|---|--|----------------------|---------------------|------------|
| Materia | TECNOLOXÍA | | Departamento | TECNOLOXÍA |
| Docente | Ana M ^a López Cela | | | |
| Curso/Grupo | 4º ESO | Ano académico | 2023/24 | |
| Contidos | | | | |
| 1º Trimestre | UD1: O proxecto tecnolóxico. UD2: Elementos de máquinas, sistemas e robots: electrónica analóxica. UD3: Elementos de máquinas, sistemas e robots: electrónica dixital. UD4: Elementos de máquinas, sistemas pneumáticos e robots: pneumática. | | | |
| 2º Trimestre | UD5: Deseño e fabricación. UD6: Automatización e robótica: elementos e programación. UD7: Proxecto de Control e robótica: deseño. | | | |
| 3º Trimestre | UD8: Proxecto de Control e robótica: construción. UD9: Proxecto de Control e robótica: programación UD10: Documentación de proxecto técnico. | | | |
| Obxectivos | | | | |
| (Breve explicación dos obxectivos da materia) | | | | |
| <p>OBX1: Identificar e propor problemas tecnolóxicos con iniciativa e creatividade, estudando as necesidades da súa contorna próxima e aplicando estratexias e procesos colaborativos e iterativos relativos a proxectos, para idear e planificar solucións de maneira eficiente, ccesible, sostible e innovadora.</p> <p>OBX2: Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando procedementos e recursos tecnolóxicos, ao tempo que se analiza o ciclo de vida de produtos para fabricar solucións tecnolóxicas accesibles e sostibles que dean resposta s necesidades expostas.</p> <p>OBX3: Expresar, comunicar e difundir ideas, propostas ou solucións tecnolóxicas en diferentes foros de maneira efectiva cunha linguaxe inclusiva e non sexista, empregando os recursos dispoñibles e aplicando os elementos e as técnicas necesarias para intercambiar a información de maneira responsable e fomentar o traballo en equipo.</p> <p>OBX4: Desenvolver solucións automatizadas a problemas expostos aplicando os coñecementos necesarios e incorporando tecnoloxías emerxentes para deseñar e construír sistemas de control programables e robóticos.</p> <p>OBX5: Aproveitar e empregar de maneira responsable as posibilidades das ferramentas dixitais, adaptándoas ás súas necesidades, configurándoas e aplicando coñecementos interdisciplinarios para a resolución de tarefas dunha maneira máis eficiente.</p> <p>OBX6: Analizar procesos tecnolóxicos, tendo en conta o seu impacto na sociedade e a contorna aplicando criterios de sostibilidade e accesibilidade, para facer un uso ético e</p> | | | | |

ecosocialmente responsable da tecnoloxía.

Metodoloxía

(proceso ou procesos de traballo na aula)

Para levar a cabo esta programación necesítase estar traballando continuamente nun taller con dispoñibilidade de ordenadores (todos os alumnos e alumnas contan con un porque estamos nun centro EDIXGAL), ferramentas de fabricación e material de electrónica, e control e robótica. Non se dispón de material de pneumática suficiente, polo que se empregarán simuladores (dixitais). Tamén a simulación como paso previo para a abordaxe dos sistemas automáticos, control, electrónica analóxica e electrónica dixital.

A metodoloxía será eminentemente práctica, pois todas as unidades didácticas están enfocadas á preparación para a realización dun proxecto de automatización, control e robótica.

A materia debe afrontarse cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos tecnolóxicos con metodoloxías que fomenten a resolución de problemas mediante o deseño e construción de sistemas técnicos. Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral).

Os instrumentos de avaliación serán táboas de indicadores (por exemplo para avaliar proxectos) e probas escritas segundo o indicado no apartado 3.3 da programación.

A cualificación de cada unha das tres avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das

cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación. Cando a cualificación non sexa un número enteiro, a parte decimal será redondeada ao enteiro máis próximo sempre que a parte decimal sexa maior ou igual que 0,5.

2. Proceso de recuperación de avaliacións pendentes

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

O profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos (cando a unidade didáctica fose avaliada antes cunha táboa de indicadores). Estes traballos serán entregados na mesma avaliación e, de nonser posible, ao inicio da avaliación seguinte. Cando non fose posible realizar un traballo realizaríase unha proba escrita. A cualificación final destes traballos orresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.

Haberá unha proba escrita de recuperación por cada unidade didáctica que fose avaliada antes cunha proba escrita. A realización da proba de recuperación será obrigatoria para o alumnado que obteña unha cualificación inferior ao 50% do máximo na primeira proba. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.

3. Determinación da cualificación final

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación.

NOTA FINAL = 35% 1ªaval + 35% 2ªaval + 30% 3ªaval

Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

Nas últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas escritas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

Nas últimas semanas do curso o alumnado que teña aprobadas todas as unidades didácticas deberá facer traballos de ampliación que poderán mellorar a súa cualificación final ata un punto.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar mais
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os mais docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

| | | | | |
|--|---|----------------------|---------------------|------------|
| Materia | DIXITALIZACIÓN | | Departamento | TECNOLOXÍA |
| Docente | Rocío Varela Vázquez e Covadonga Yugueros Valbuena | | | |
| Curso/Grupo | 4º ESO | Ano académico | 2023/24 | |
| Contidos | | | | |
| 1º Trimestre | UD1: Arquitectura de ordenadores y sistemas operativos UD2: Presentacións dixitais UD3: Procesador de textos | | | |
| 2º Trimestre | UD4: A imaxe dixital UD5: Redes informáticas UD7: Seguridade dixital UD6: Creación e xestión de follas de cálculo. | | | |
| 3º Trimestre | UD8: O son UD9: O vídeo UD10 : Programación. | | | |
| Obxectivo | | | | |
| <i>(Breve explicación dos obxectivos da materia)</i> | | | | |
| OBX1 - . Identificar e resolver problemas técnicos sinxelos e conectar e configurar dispositivos a redes domésticas, aplicando os coñecementos de hardware e sistemas operativos para xestionar as ferramentas e instalacións informáticas e de comunicación de uso cotián. | | | | |
| OBX2 - Configurar a contorna persoal de aprendizaxe interactuando e aproveitando os recursos do ámbito dixital para optimizar e xestionar a aprendizaxe permanente. | | | | |
| OBX3 - Desenvolver hábitos que fomenten o benestar dixital aplicando medidas preventivas e correctivas para protexer dispositivos, datos persoais e a propia saúde. | | | | |
| OBX4 Exercer unha cidadanía dixital crítica coñecendo as posibles accións que se realizan na rede, identificando as súas repercusións para facer un uso activo, responsable e ético da tecnoloxía. | | | | |
| Metodoloxía | | | | |
| A materia debe afrontarse cunha metodoloxía a base de traballos prácticos e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. | | | | |
| Os traballos prácticos permitirán ao alumnado coñecer e configurar os distintos dispositivos | | | | |

dixitais de uso cotián. Estas actividades prácticas facilitarán mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir materiais dixitais de diversos tipos, así como crear aplicacións que resolvan problemas concretos. Os traballos prácticos estarán deseñados para favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo. O profesor/a servirá de guía desde tarefas sinxelas ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e a satisfacción do alumnado. Na realización de todos os traballos prácticos farase fincapé no respecto polas licenzas e dereitos de autor.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais promoverá a liberdade de expresión e o respecto polos demais aplicando as normas da etiqueta dixital.

En todo momento do curso o alumnado implicarase no mantemento da seguridade, tanto da súa persoa como da información e dos equipos cos que traballa.

Realizarase un proxecto final baseado en programación ou na creación de contidos audiovisuais. Esta actividade permite que a materia sexa flexible e adaptable aos diferentes intereses e motivacións do alumnado, de xeito que poda ter un enfoque máis técnico ou máis artístico-creativo segundo o grupo de alumnado.

Os métodos de traballos utilizados, terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. Así mesmo estes métodos favorecerán a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral)

Haberá unha ou dúas probas escritas ou realizadas nos ordenadores ou traballos co peso de exame por avaliación empregando ferramentas dixitais que ponderarán o 50% da cualificación. Estas probas poderán realizarse nos ordenadores.

